

PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA



O ensaio "Orixe" da artista costarrriqueña Glorianna Ximendaz é unha obra profundamente persoal e de longa duración que aborda as historias de abuso e violencia sufridas polas mulleres da súa familia, incluíndo a da propia artista. Para analizar e contextualizar esta obra, é crucial recoñecer a súa contribución á introdución de novas temáticas no contexto da fotografía, algo común das últimas xeracións de artistas que foron diversificando os temas e os conceptos á medida que se diversificaron as identidades dos axentes produtores da imaxe.

Nada en San José, Costa Rica, en 1992, Ximendaz destácase como unha artista e poliactivista cuxo traballo reflicte "unha procura da xustiza social e unha profunda conexión coas historias persoais e colectivas de resistencia e superación", segundo ela mesma afirma. Para a autora, a serie "Orixe" non é só unha narrativa visual, senón tamén un acto de resistencia e unha declaración de existencia. Ximendaz utiliza a fotografía como unha ferramenta para desafiar as normas sociais, derrubar estruturas opresoras, fomentar a cura e o empoderamento, e celebrar a forza e a resiliencia das mulleres. O proxecto busca iniciar diálogos, aumentar a conciencia e contribuír ao desmantelamento dos sistemas que perpetúan a violencia machista.

A artista afirma que "non pode cambiar o mundo coas súas fotos, pero pode mudar realidades" e unha das que mudou foi a súa propia. Con aprendizaxe na loita polos dereitos das persoas que lle transmitiron os seus avós, a autora utiliza a súa cámara como instrumento de loita. En paralelo á súa produción artística, o seu traballo como fotoperiodista e documentalista é un labor comprometido, marcado por un esforzo constante para crear conciencia e dar voz a quen constantemente é desatendido/a.

Glorianna Ximendaz comezou este proxecto dunha maneira algo inconsciente, establecendo ligazóns entre as experiencias de abuso que sufriu e as narrativas encriptadas presentes no seo familiar, que, dunha maneira ou doutra, a marcaron desde o seu nacemento. Este entretexido de historias persoais e colectivas proporcionou un terreo fértil para a creación artística. A través do collage, a autora ressignifica as imaxes, recupera a memoria e (re)conta a historia das súas antepasadas, transformando experiencias persoais e familiares en públicas e universais. As súas imaxes non procuran a excepcionalidade, senón a repetición, a proliferación, a multiplicidade e a expansión, motores fundamentais que impulsan a práctica do collage (e tamén os feminismos). Esta práctica, habilmente utilizada por Ximendaz, é empregada acotío para destacar cuestións políticas e sociais. O collage é, na súa esencia, un acto de recontextualización e reinterpretación, no que fragmentos dispersos son reunidos para crear novas imaxes e significados.

Durante anos, a fotografía foi considerada a única guardiá da memoria. Aínda na era actual, marcada polo excepciónismo e a proliferación de novas formas de crear imaxes a través de dispositivos *intelixentes*, a fotografía mantén a súa capacidade de evocar lembranzas, aínda que sexa baixo a forma de ficción baseada en feitos reais. A verdade converteuse máis nunha opción que nunha obriga (Fontcuberta, 2006). No traballo de Glorianna Ximendaz, materiais vernáculos de álbums de familia, da grande internet e do seu propio arquivo son manipulados, fragmentados e intervidos tanto física como dixitalmente.

Entre as primeiras imaxes de "Orixe", atópase unha derivada dunha fotografía do álbum familiar, un retrato da súa bisavoa aos 14 anos. Moitas historias sobre a bondade e simpatía do padrastro da bisavoa chegaron até Ximendaz, pero a artista sempre notou a ausencia de mencións directas a el pola bisavoa. Este silencio revelouose como unha das primeiras transgresións que a autora veu a descubrir, dando orixe á gramática visual que percorre toda a serie. Ao posicionar esta fotografía sobre unha saba azul, a autora sentiu que estaba a contribuír cunha sorte de protección e calma á muller que viviu atormentada e sen descanso ata o final dos seus días.

"Orixe" representa un exercicio continuo de rescatar imaxes, corpos e historias que foron borradas. Funciona como unha especie de *damnatio memoriae* invertida, onde cada fotografía parece reiterar a idea de que "aquilo que non se menciona non existe", un principio frecuentemente reproducido nos feminismos. Reforza así a importancia de dar voz e visibilidade a experiencias silenciadas pois, segundo ese lema feminista, a ausencia de diálogo contribúe á súa invisibilidade no discurso social. O diálogo entre a fotografía vernacular e as imaxes de autoría propia emerxe como unha estratexia deliberada para distorsionar a cronoloxía e unificar as historias de cinco voces deferentes nunha narrativa única. Este método enfatiza a universalidade do discurso, transcendendo o ámbito individual para acadar unha dimensión colectiva.

Ximendaz tece con pericia as historias das cinco mulleres, sen seguir unha lóxica secuencial aparente. Con todo, ao examinar os indicios fornecidos pola evolución dos soportes fotográficos, comezamos a discernir as historias que a artista presenta de maneira anacrónica. Cada unha destas mulleres representa unha dimensión diferente relacionada coas distintas loitas dos feminismos. Bisavoa, nai, tataravoa, avoa e a propia autora son as corporalizacións das traxectorias percorridas polos movementos feministas nas últimas décadas. Tópicos como o poder patriarcal, os privilexios inherentes á masculinidade normativa e de clase, a ocultación e transmisión de violencias no ámbito familiar e social, as penalizacións impostas ás mulleres que desafían a orde patriarcal, a esixencia de patróns de beleza opresivos, a violencia obstétrica e a sexualidade forzada; son abordados nas imaxes de Ximendaz, acentuando a multiplicidade e complexidade das experiencias femininas.

Non obstante, "Orixe" non se limita a retratar o sufrimento, tamén celebra a sororidade, os cuidados e a resiliencia, evidenciando un camiño de empoderamento xa percorrido polas mulleres, un punto de non retorno que se fortalece progresivamente, que está simbolizado aquí pola sexta xeración, representada pola filla da artista.

Ximendaz aínda atopa un xeito de identificar aos perpetradores da violencia, atribuíndolles un rostro. Este enfoque está alineado coa práctica feminista que protexe e mantén no anonimato á vítima, mentres expón ao agresor. Con estas imaxes adóptase unha abordaxe de *desretrato*, optando por modificar as fotografías en vez de descartalas directamente, talvez como unha forma catártica de transformar a carraxe e a dor en expresión material. A artista utiliza técnicas dixitais e manuais, como a pintura e a queima de imaxes, para intervir nas fotografías. Estas intervencións, que poden ser percibidas como destrutivas, desempeñan un papel dobre: son un medio para a artista achegarse ao desmantelamento do sistema patriarcal, curando a dor e a memoria; e serven para crear imaxes iconoclastas que desafían, desestabilizan e mesmo ridiculizan o poder. Isto é evidente no retrato dun coñecido fotógrafo arxentino, involucrado en innumerables casos de abuso das súas asistentes e alumnas; e na representación do ditador Tinoco, cuxo discurso contribuíu significativamente ao alto índice de feminicidios en Costa Rica e para quen unha das antepasadas da autora traballou. Esta crítica esténdese facilmente ao actual presidente do país caribeño, Rodrigo Chaves Robles, coñecido polas acusacións de acoso sexual.

Ao observar a complexidade das narrativas persoais e colectivas en "Orixe", podemos ver como "o persoal é [incontornablemente] político". Esta consigna, que gañou popularidade nos anos 70 tras a publicación do ensaio "The Personal Is Political" de Carol Hanisch (1970), encapsula a esencia de como as experiencias individuais están intrinsecamente ligadas ás estruturas políticas e sociais máis amplas. Esta intersección entre o persoal e o político non só moldou os movementos sociais da época, senón que tamén deixou unha marca indeleble na historia da arte.

A conexión do persoal co político implica a transposición de cuestións privadas ou sociais ao ámbito da discusión e análise pública — e polo tanto política — revelando así a natureza sistemática da opresión dos grupos minorizados, cuxas voces foron deliberadamente silenciadas. Hanisch, reflexionando sobre o seu traballo con grupos de mulleres, afirmou que "unha das primeiras cousas que descubrimos nestes grupos é que os problemas persoais son problemas políticos. Non existen solucións persoais neste momento. Só a acción colectiva pode levar a unha solución colectiva".

Obras como a de Glorianna Ximendaz abesouran os matices da relación entre a imaxe e o actual contexto político-emocional. Procuran fomentar unha reflexión sobre as diversidades (corpos e identidades diverxentes) que perpetúan cronicamente un descontentamento que, parafraseando a Heidi Hartmann (1997), non é o lamento neurótico das inadaptadas, senón que emerxe como unha resposta activa a unha estrutura social na cal son sistemáticamente dominadas, exploradas e oprimidas.

Vítor Nieves. Curador.